NOME.....DNI.....
con domicilio a efectos de notificacións en .....

Diante da tramitación por parte da Xunta de Galicia do anteproxecto de Lei de Medidas do Emprego Público, mediante este escrito dou o meu apoio ao documento presentado pola Xunta de Persoal e o Comité de Empresa o día 10 de febreiro de "Alternativa ao anteproxecto de Lei de Medidas no emprego público" e que se recolle textualmente:

"PREÁMBULO

Esta proposta de anteproxecto de lei enmárcase dentro das medidas que ten que adoptar a Comunidade Autónoma de Galicia nun contexto de diminución de ingresos nas arcas públicas. Porén, a necesidade de aforro da Administración Pública galega non debe recaer nas retribucións e dereitos das traballadoras e traballadores públicos, máxime non tendo procedido á racionalización de gastos noutros capítulos orzamentarios.

Por outra banda, o goberno galego fomentará o estímulo do aumento dos ingresos públicos a través dun plan autonómico de combate do fraude fiscal e o incremento da presión fiscal sobre as rendas máis altas nos impostos de competencia autonómica.

As traballadoras e traballadores públicos fixeron xa a súa axuda a este plan de aforro co desconto nas súas retribucións do 5%, coa conxelación indefinida e incondicional dos seus salarios e co aumento da súa cota de IRPF, estimándose unha perda acumulada de capacidade adquisitiva dun 14% non 3 últimos anos.

Así, na necesidade de aforro, estimada pola Administración galega nuns 80 millóns de euros, adoptáranse as seguintes medidas, dentro dun marco de eficiencia e racionalidade no gasto público, que axudarán, ou mesmo, incrementarán o dito obxectivo de aforro

Artigo 1. Ámbito de aplicación.

Esta Lei aplícase a todo o sector público autonómico incluído no ámbito de aplicación do artigo 1 da Lei 11/2011, de 26 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012.

Artigo 2. Asistencias técnicas, encomendas de xestión ou convenios de colaboración.

Non se renovarán nin se realizarán novas contratacións de asistencias técnicas, encomendas de xestión ou convenios de colaboración en todo o ámbito que integran os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, sempre que supoñan gasto nos orzamentos dos departamentos.

Artigo 3. Persoal eventual de Gabinete.

Se reducirá en 2/3 o gastos do persoal eventual de gabinete nos diferentes departamentos.

Artigo 4. Gastos correntes

1. Redución do 90% da contía asignada, en todos os programas de gastos dos departamentos incluídos no ámbito de aplicación desta lei, en concepto de atencións protocolarias e representativas.

2. Todos/as os/as empregados/as públicos/as, altos cargos e persoal directivo percibirán en concepto de indemnización por razón de servizo as contías establecidas no artigo 28 do V Convenio Colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

3. A retención aplicable en concepto de IRPF ao persoal que perciba as súas retribucións con cargo ao programa 111B.01.01 se actualizará de acordo coa Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas e co Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de Medidas urgentes en materia presupestaria, tributaria y financiera para la corrección del déficit público.

4. Non se percibirá ningunha cantidade en concepto de gratificacións extraordinarias.

5. Ningunha subvención terá carácter finalista. Co fin de garantir os principios regulados no artigo 5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia no referente á concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación e eficiencia na asignación e emprego dos recursos públicos, as ordes que regulen as subvencións deberán darlle a suficiente ponderación, no baremo aplicable á súa concesión, á situación económica máis desfavorable das persoas físicas ou xurídicas beneficiarias das axudas.

Artigo 5. Gastos de capital

1. Non serán renovables as lincenzas onerosas con empresas subministradoras de software propietario. O Goberno galego, dende a entrada en vigor desta lei, implantará de xeito progresivo soportes baseados en tecnoloxías con software libre. Só serán autorizadas aqueles soportes altamente especializados de tecnoloxías que supoñan gasto dentro do programa do departamento si, de xeito motivado, quedara suficientemente acreditada a imposibilidade da prestación a máis baixo custo.
2. A Administración fomentará as informáticas desenvolvidas polo seu propio persoal
Artigo 6. Modificación do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei da función pública de Galicia.
Queda derrogada a disposición adicional décimo sétima do Decreto Lexislativo 1/2008, de incremento do complemento de destino na cantidade necesaria para igualalo ao valor do complemento de destino, ou concepto equivalente que a Lei de orzamentos xerais do Estado fixe para as directoras e directores xerais.
***Artigo 7**.- Suprímese o dereito a percibir indemnizacións en concepto de asistencia a consellos de administración ou órganos colexiados, para todo o persoal que perciba as súas retribucións con cargo aos orzamentos xerais da CCAA.*
***Artigo 8**.- As retribución dos parlamentarios, alto cargos ou directivos da Administración en ningún caso superarán o importe establecido no indicado concepto dos orzamentos anuais para Presidente da Xunta de Galicia.*
***Artigo 9.-** A xubilación forzosa do persoal ao que se refire o artigo 1 desta Lei, declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida.*
Malia o anterior, o persoal funcionario pode solicitar, cunha antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data na que o funcionario cumpra a idade de xubilación forzosa, a prolongación da permanencia na situación de servizo activo, ata o cumprimento da idade máxima legalmente establecida que en calquera caso non poderá exceder da idade de 70 anos, que se concederá, de ser o caso, por períodos dun ano renovables anualmente á solicitude da persoa interesada presentada cun prazo de antelación mínima de dous meses á data de finalización da mesma.
Este apartado non será de aplicación ao persoal que, cumprindo a idade legal de xubilación, non cubra o período de carencia esixido pola normativa de Seguridade Social para ter dereito á pensión vitalicia de xubilación.
O persoal funcionario docente non universitario pode optar por xubilarse á finalización do curso académico no que cumpra a idade legalmente establecida. A mesma regra aplicarase nos supostos de prolongación da permanencia na situación de servizo activo previstos no presente apartado
***Artigo 10.-** Fomentarase as actuacións da inspección médica dirixidas ao control do absentismo laboral argumentados en causas de saúde.*
Disposición Adicional Primeira.
1.Facúltase ao Consello da Xunta de Galicia a aprobar todas aquelas normas e adoptar todas as medidas necesarias para a aplicación desta Lei.
2. Facúltase a todos aqueles órganos administrativos que teñan competencia en materia de persoal para ditar aquelas disposicións necesarias para a adaptación e aplicación da lei.
Disposición Derrogatoria.
Considéranse derrogados, en tanto en canto estea en vigor esta Lei todas aquelas leis ou normas de carácter inferior, convenios ou acordos que contradigan o disposto nesta Lei.
Disposición Final.
Uno. Esta Lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia."

Ante todo o exposto, **SOLICITO:**
A retirada do Anteproxecto de Lei de Medidas do Emprego Público e o inicio da negociación sobre a alternativa presentada e transcrita.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2012.

Asdo.:

SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA